

“María Balteira, muller leda sen lei: a loanza oculta no poema de Lorenzo Varela”

Artigo de Carmen Blanco publicado no <i>Boletín da Real Academia Galega</i>, nº
366, Hércules de ediciones SA, 2005.



Consello da Cultura Galega
Comisión de Igualdade

**MARÍA BALTEIRA, MULLER LEDA SEN LEI:
A LOANZA OCULTA NO POEMA DE LORENZO VARELA**

Carmen Blanco

*i entre tódalas soldadeiras sóla ti María a Balteira
belida dos dados donda da danza a primeira*
Uxío Novoneyra

Celebro o azar e outra vez gozo co xogo. Deléitome coa dureza e a dondura dos dados nos dedos, sentindo a emoción da inminencia do golpe da sorte. E en cada danza dos dados baila leda a belida Balteira e morre a maldita memoria medieval da muller tafur arrastrada para escarmento por toda a vila.

O son das soldadeiras

Nada se sabe certo das artes reais do corpo e da lírica daquelas mulleres da arte dos tempos pasados, soldadeiras, cantadeiras e xograresas que participaron activamente no florecemento da cultura trobadoresca medieval, no seu canto, na súa música, na súa danza, nos seus xogos e na súa vida alegre. Toda a real riqueza desta vida foise co vento da historia imposta e destas artistas hoxe certo non temos máis que o son dos seus nomes incertos de Mariñas e Mariás: Marinha, Marinha Lopes, Marinha Foça, Marinha Crespa, Marinha Sabugal, Maria Peres, Maria Garcia, Maria Meijouchi, Maria Negra, Maria Genta, Maria Leve, Maria Aires, Maria Mateu, Maria do Grave, Luzia Sánchez, Elvira Lopez, Orraca Lopez, Maior Moniz, Dominga Eanes, Ouroana...

Nada quedou na historia do protagonismo artístico destas mulleres, tan só a creación fantasmagórica da mentalidade sexista, sexofóbica e misóxina da corte alfonsí que instituíu o xénero da obscena sátira de soldadeira, apelando ao riso reprimido, represor e represivo, denigrador da muller de vida sexual libre e da prostituta que esa mesma mentalidade inventara para contrapor á outra creación fantasmagórica súa, a da Virxe, loada nas rexias *Cantigas de Santa Maria*.

A sona da Balteira

De entre todos os nomes das soldadeiras houbo un, o de María Peres Balteira, que soou e resoou por enriba dos demais ata quedar mesmo como un símbolo, agora positivo, na historia activa dos nosos días, aínda que tampouco nada certo saibamos dela. O que si sabemos son as palabras censoras e burlescas que suscitou en todo un ciclo de cantigas satíricas a ela dedicadas pola autoría de Alfonso X o Sabio, Pero da Ponte, Pero García Bungalês, Pedr' Amigo de Sevilla, Pero Garcia d' Ambroa, Johan Vazquiz de Talaveira, Vasco Perez Pardal, Pero Mafaldo, Johan Baveca e Fernan Velho. Coas palabras de poder destes autores conformouse o mito da soldadeira, medio

puta e medio meiga, que a literatura posterior reviviu en distintas ocasións e con distintos significados progresistas ou reaccionarios.

Unha desas versións míticas máis destacadas e emblemáticas é a creada polo poeta Lorenzo Varela no poema directamente titulado “María Balteira”, pertencente á obra multiartística da cultura do exilio *Catro poemas para catro grabados* (para o álbum de Luís Seoane *María Pita e tres retratos medioevales*, Buenos Aires, Resol, 1944; reeditado con música de Julián Bautista, Buenos Aires, Editorial Argentina de Música, 1951). Aquí resoa moi alto o nome de María Balteira, irmanado co do irmandiño Roi Xordo e co da guerreira María Pita, a “María das batallas” coa espada en alto que o artista Isaac Díaz Pardo recreou en cerámica interpretando o feminismo de Lorenzo Varela. O gravado, tamén feminista, de Seoane móstranos a unha Balteira sentada xogando aos dados e gozando co xogo, imaxe, sen dúbida, tomada da vida real medieval e que, non obstante, contrasta coa imaxe, por desgraza tamén real, da muller tafur arrastrada para escarmento por toda a vila que nos transmiten as *Cantigas de Santa Maria*. Estes son os versos de “María Balteira”:

Loubar eu loubara, María Balteira,
túa saia leda,
que a carón da morte, ó vela na danza
semellando pombas redor dun pombal,
facía que aqueles barbudos sorriran.
Aqueles labregos da morte guerreira,
carballos antergos, varós desta terra,
destes pobos todos que chaman España,
desde aqueles tempos que a tallou a espada.

Loubar eu loubara, María Balteira,
túa saia leda,
tan leda que tola á xente deixabas,
d’amores sin prendas:
peitos de folía, nin moeda moura,
nin prenda d’amor nin prenda de conta.
Mala perdedora, boa bailadora
co lume nos ollos i o aire nos pés,
¡e nas maos a lúa a facer lilailas,
lixerías gaivotas, ladroas amadas!

O cabrón do inferno, María Balteira,
Cando veu a España,
Por xogar contigo perdeu a soldada.
¡Por ganalo a él perdeches a ialma!

¡Loubar eu loubara, María Balteira,
túa saia leda!
Eu loubar loubara, si os cás dos xogares
que ti desamaras,
vindo da fronteira non me dentellaran
no peito as loubanzas:
¡Ley de xograría me chama a silencio!

Si non fora aquilo de xogar co demo,
e partir o viño con tantos meleiros,
faría tensión cos meus compañeiros,
María Balteira. Ti sábelo, eu sei,
que loubar loubara túa saia sin lei.
¡Túa saia leda
que non loubarei!
Túa saia leda
que non loubarán:
con frior de seda
e quentor de lan.

A loa imposible

O poema recrea a figura da Balteira cun logrado ton de viril xogo xograresco cargado de tenra e irónica ambigüidade androcéntrica e posto na voz dun eu que se identifica co do propio poeta que canta e que dialoga literalmente coa propia María Peres mais literariamente cos trovadores e xograis galego-portugueses que a escarneceran nos seus versos, cos que comparte o impositivo vencello esmorgueiro e a xenérica complicidade masculina de cuadrilla. Este xogo está recreado no seu real ambiente de territorio cristián en guerra e vai envolto nas prototípicas épica guerreira e exaltación varonil varelianas. E, en relación coa propia figura da Balteira, déixase levar pola vella imaxe cancioneril da soldadeira xogadora, bailadora e “pecadora” que volvía tolos os homes e que segundo a lei trovadoresca non podía ser loada senón vilipendiada. De aí a recorrencia da ambigua posibilidade “Loubar eu loubara, María Balteira, / túa saia leda” (2), tamén repetida coa variación da exclamación e da contundente amplificación final aclaratoria, que fai imposible a gabanza presente e ata a futura: “¡Loubar eu loubara, María Balteira, / túa saia leda!” e “Ti sábelo, eu sei, / que loubar loubara túa saia sin lei. / ¡Túa saia leda / que non loubarei! / Túa saia leda / que non loubarán: / con frior de seda / e quentor de lan”.

O poeta expresa así todo o peso da misóxina e antivital lei de xogaría ao mostrar a contradición existente entre o seu desexo de deixarse levar polo impulso erótico do eloxio da muller alegre e a represión do mesmo, unha represión tan potente que non só lle afecta a el, senón que, segundo el, lle afectará a calquera outro ou outra no futuro, cousa que, por sorte, non ocorreu, como demostran as palabras da cita inicial do artigo, tomadas de *Os eidos* de Novoneyra.

Mais se no poema o natural desexo perde fronte á súa represión, o que non perde é a ocasión de manifestarse subrepticamente a través da irreprimible admiración pola artista bela e ousada, expresada mediante a ironía de facer aquilo que se nega facer. Admiración da bailarina e da muller. Admiración pola súa danza da vida que arredaba da próxima danza da morte. Admiración que se materializa na imaxe da saia leda, que representa a muller alegre que danza e que ama. Admiración pola beleza da súa danza de aire, tal o voo de pombas e gaivotas ou as lilailas da lúa, revoando das mans aos pés. Admiración pola beleza do seu corpo amoroso con lume nos ollos e peitos de tolura. Admiración pola ousadía da xogadora que manifesta libremente a súa vontade. Admiración pola amadora que actúa libremente seguindo os seus desexos de amor e desamor, simbolizados, respectivamente no quentor da la e no frío da seda, as dúas notas materiais e sensuais da súa saia: “con frior de seda / e quentor de lan”.

Admiración pola amante subversiva, sen compromisos e sen lei, con “amores sin prendas” e “saia sin lei”. E admiración, en suma, pola súa vital alegría de vivir, cantada na recorrencia da “saia leda”.

A muller leda sen lei

Se se le o poema facendo caso omiso á impositiva lei de xograría é posible reconstruír a María Balteira oculta baixo as palabras ditadas polo misóxino silencio da loa. A María Balteira realmente admirada por Lorenzo Varela. A María Balteira da alegría de vivir sobrevivindo nas miserias das soldadeiras, dos soldados e das soldadas, segundo manda o poder de El-Rei que manda a guerra contra o mouro. A María Balteira muller leda sen lei, digna de admiración e loa. E, pois non fuches loada, loar eu lóote, María Balteira, sen saber quén es.

BIBLIOGRAFÍA

- Blanco, Carmen (1995), *Nais, damas, prostitutas e feirantas*, Vigo, Xerais.
- Brea, Mercedes (coord.) (1996), *Lírica profana galego-portuguesa*, 2 vols., Santiago de Compostela, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- Dobarro Paz, Xosé María (1974), “María Balteira”, *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago de Compostela-Xixón, Silverio Cañada, Vol. 20, p. 106.
- Domínguez Rodríguez, Ana (1990), “Imágenes de la mujer en las cantigas de Santa María”, Seminario de Estudios de la Mujer, *La imagen de la mujer en el arte español*, Madrid, Universidad Autónoma de Madrid, pp.29-85.
- Lanciani, Giulia, e Tavani, Giuseppe (1995), *As cantigas de escarnio*, Vigo, Xerais.
- Resende de Oliveira, António (1995), *Trobadores e xograres*, Vigo, Xerais.
- Varela, Lorenzo (2000), *Poesía completa*, Sada, A Coruña, Do Castro. Ed. de Xosé Luís Axeitos.